

A FORMACIÓN DE CAPITAL HUMANO EN GALICIA (1860-1900): ALFABETIZACIÓN E ATRASO ECONÓMICO¹

BLANCA MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ

Departamento de Fundamentos da Análise Económica
e Historia e Institucións Económicas
Escola Universitaria de Estudos Empresariais
Universidade de Vigo

Recibido: 8 de abril de 2002

Aceptado: 25 de novembro de 2002

Resumo: Galicia afrontou durante o século XIX un proceso de cambio económico no cal a mobilidade da poboación constituíu o motor da difusión da alfabetización, nunha sociedade predominantemente rural e de hábitat disperso.

No desenvolvemento da alfabetización persistiron características tradicionais, como o pronunciado desequilibrio entre as taxas de alfabetización de ámbolos dous sexos, que prexudicaba especialmente ó sexo feminino, principal compoñente da poboación galega. As femias accedían menos á escola, e nela afondábanse as diferenzas na carga instructiva de alfabetización. O ciclo escolar era de carácter estacional e irregular, en función dos ciclos económicos agrícola e pesqueiro. A acumulación de coñecementos resentíase e o rendemento escolar era moi baixo.

A crise estrutural e o cambio económico da economía alteraron a distribución dos stocks de capital humano e tamén supuxeron unha clara decapitalización, en termos de alfabetización, nal-gúns centros neuráxicos da economía tradicional, especialmente nos núcleos litorais e prelitorais de elevada densidade do sector téxtil da lencería. En xeral, a mobilidade xeográfica da poboación galega ralentizou a acumulación de capital humano alfabetizado e, paradoxalmente, revelouose como o compoñente máis dinámico da demanda de alfabetización.

Palabras clave: Capital humano / Alfabetización / Galicia / Atraso económico.

THE FORMATION OF HUMAN CAPITAL IN GALICIA (1860-1900). LITERACY AND ECONOMIC BACKWARDNESS

Abstract: During the nineteenth century, Galicia faced a process of economic change in which population mobility constituted the motor in the diffusion of literacy in a predominantly rural society of dispersed habitats.

The development of literacy suffered from traditional characteristics, such as the pronounced imbalance in literacy rates between the sexes, especially prejudicial to women, who made up the principal component of the Galician population. Women had less access to schooling, while at school the differences in the degree of literacy instruction became more emphasised. The school year was of a seasonal and irregular nature, concomitant with the economic cycles of both agriculture and fishing. The accumulation of knowledge suffered and consequently, school results were low in level.

The structural crisis and the economic change in the economy varied the distribution of human capital stocks and also led to a marked decapitalisation, as far as literacy was concerned, in certain neuralgic centres of traditional economy, especially in the centres based on the coast and its immediate hinterland, with a high density of linen manufacture. In general terms, the geographical mobility of the Galician population slowed down the accumulation of literate human capital while, paradoxically, it revealed itself to be the most dynamic component in the demand for literacy.

Keywords: Human capital / Literacy / Galicia / Economic backwardness.

¹ Unha versión preliminar deste traballo foi presentada como comunicación na sesión *Educación, capital humano y desarrollo económico* do VII Congreso de la Asociación de Historia Económica. Zaragoza, setembro de 2001.

1. INTRODUCCIÓN

O sistema productivo galego descansaba na explotación agrícola e pesqueira, apoiado no exercicio de diversas actividades complementarias orientadas ó mercado, de distinta importancia en función da súa expansión e dispersión polo territorio galego, da súa organización productiva, da súa área de distribución e da poboación ocupada en tales actividades. A partir dos anos trinta do século XIX, a quebra do estable sistema agrícola era evidente, alcanzando o seu teito a expansión dos dous cultivos intensivos en traballo –o millo e a pataca– iniciándose a desarticulación do téxtil lenceiro, intensificándose a mobilidade xeográfica da poboación galega e a perda de impulso demográfico. A medida que avanzaba o século XIX, a crise estrutural facíase eco na xeneralización da crise da industria doméstica téxtil, o inicio da marxinalización do curtume, as crises agrícolas, as dificultades do viño e do castiñeiro, a perda do mercado británico do gando, etc. O dilatado proceso de cambio foi moi limitado na estrutura e na organización do espazo agrícola polo que se iniciou, a fins do século, a especialización gandeira orientada cara ó mercado interior, así como o comezo da moderna industria conserveira de peixe, a articulación do territorio pola implantación do ferrocarril e o alcance masivo do fluxo emigratorio galego cara ás expansivas economías americanas².

A nosa investigación ten por obxecto aproximarnos á formación de capital humano, en termos de alfabetización, nesta época de crise estrutural e de cambio económico. Para iso traballamos con fontes directas e indirectas, sendo as máis importantes os censos da poboación española dos anos de 1860, 1877, 1887 e 1900, onde figuran os datos de instrucción da poboación. Elaboramos un indicador básico de capital humano no que temos en consideración a poboación lectora e a lecto-escritora, calculando as taxas de alfabetización netas e brutas do conxunto da poboación e por condición de sexo. Contemplámo-las diferencias entre os niveis de alfabetización da poboación masculina e feminina, os cales van ser indicadores da dotación asimétrica de capital humano na Galicia da segunda metade do século XIX.

O desenvolvemento da alfabetización entre a quebra dun sistema económico tradicional e o proceso de cambio económico estivo condicionado polo ritmo de difusión da alfabetización nunha sociedade como a galega, na que máis das catro quintas partes da poboación era rural e de hábitat disperso, rexistrábanse alteracións na distribución da alfabetización no territorio, resentíase a acumulación de capital humano polo que a alfabetización iniciaba un *trend* crítico nalgúns dos núcleos económicos máis dinámicos do antigo réxime.

² Acerca da quebra do sistema productivo galego e o cambio económico pode consultarse unha amplísima bibliografía entre a que destacamos: Carmona (1974, 1982, 1990a, 1990b); Carmona, De la Puente (1988); Fernández Prieto (1992); López Taboada (1986, 1996); Rodríguez Galdo e Dopico (1981); Villares (1982, (1988); e Vázquez González (2000).

2. A ALFABETIZACIÓN GALEGA (1860-1900)

Neste estudio o desenvolvemento e a dinámica da alfabetización da rexión galega ó longo da segunda metade do século XIX vai ser contemplado en diferentes planos. En primeiro lugar, o crecemento da poboación alfabetizada contrasta co parsimonioso crecemento da poboación adulta galega. Entre os anos 1860 e 1900, o incremento da poboación adulta a penas superou os sesenta mil efectivos, cunha taxa de crecemento real acumulativo do 0,11%, mentres que a taxa de crecemento dos individuos alfabetizados foi 11,45 veces superior á da poboación. De 1860 a 1900 o incremento de alfabetos excede os douscentos mil e chegouse a un total de 541.633 individuos alfabetizados. A pesar deste avance, aínda o volume de analfabetos case triplicaba o de alfabetos.

De 1860 –data do primeiro ano censal– a 1900 a taxa de alfabetización neta do conxunto da poboación galega pasou do 23% ó 37%. Nestes corenta anos o diferencial sexual a penas se reduciu algo máis de 5 puntos porcentuais, pasando de preto do 40% ó 35,62%, e incluso en 1887 alcanzou practicamente o mesmo nivel ca en 1860. Esta asimetría que reflectía tal diferencial sustentábase nunha estrutura poboacional cunha precoz tendencia á feminización e ó avellentamento. Ámbolos dous atributos predín un baixo nivel de alfabetización³. O desequilibrio entre os niveis de alfabetización masculinos e os femininos, máis ou menos acentuado, é consubstancial a todo proceso de alfabetización; un trazo de difusión e de maior desenvolvemento do proceso alfabetizador é ir reducindo as diferencias entre os homes e as mulleres.

En 1860 os diferenciais sexuais máis elevados, comprendidos entre un 40-60%, estaban nos territorios ó norte da meseta castelá, que comprendía as rexións situadas na cornixa cantábrica e en Castela e León⁴. A asimetría de 1860 era indicativa da existencia dunha acumulación previa de capital humano alfabeto que se correspondería cun desenvolvemento tradicional da alfabetización, protagonizado preferentemente pola poboación masculina. Todas estas rexións, agás Galicia, eran as que exhibían as taxas de alfabetización máis elevadas. A rexión galega tiña un nivel de alfabetización inferior á media estatal e durante a segunda metade do século XIX non lograra endereza-la tendencia e converxer cara ós niveis estatais. En relación ó marco cantábrico aumentara a súa distancia en termos relativos, deteriorándose a súa posición en consonancia coa profundación do atraso económico rexional que se evidenciaba no estancamento ou no descenso da produtividade agrícola, na ausencia de impulso industrial ata fins de século, na perda de peso relativo da poboación galega respecto ó conxunto estatal, ou nun menor nivel de integración do mercado rexional.

³ Sobre a estrutura demográfica galega véxase López Taboada (1996).

⁴ Sobre o desenvolvemento da alfabetización en España e as diferencias rexionais pode consultarse Núñez (1992, 1993) ou Martínez (2000).

A persistencia dunha profunda asimetría sustentábase no aumento, tanto en valores absolutos coma relativos, do peso da muller no desenvolvemento da alfabetización, a pesar de que o ritmo alfabetizador dotaba o proceso galego dunha taxa de crecemento acumulativo, nesta época, por riba da estatal. En 1900 a rexión galega aínda non lograra alcanzar una taxa de alfabetización neta do 40%, limiar considerado necesario aínda que non suficiente para sustenta-la modernización económica (Núñez, 1992; Anderson e Bowman, 1976; Zamagni, 1978).

Cadro 1.- Taxas de alfabetización da poboación adulta. Diferencial intersexual das taxas de alfabetización. Provincias galegas, Galicia e España (1860-1900)

PROVINCIA	ANOS	VARÓNS	MULLERES	TOTAL	T.VAR.	T.MULL.	T.TOTAL	DIF.T.
A Coruña	1860	76579	19528	96133	41,59	7,99	22,43	33,60
	1877	85372	32163	117555	45,35	12,34	26,19	33,01
	1887	100193	45380	145573	51,62	17,11	31,69	34,51
	1900	109417	59599	169016	55,46	21,71	35,82	33,75
Lugo	1860	71805	9913	81674	46,49	5,39	24,13	41,10
	1877	65815	12996	78701	44,94	7,56	24,72	37,39
	1887	82094	20654	102748	53,75	11,85	31,41	41,90
	1900	94637	40647	135284	58,02	21,70	38,60	36,32
Ourense	1860	55560	6902	62546	41,43	4,51	21,78	36,92
	1877	56494	12420	68966	41,79	7,89	23,57	33,90
	1887	71387	21808	93195	51,63	13,58	31,19	38,04
	1900	74810	33813	108623	55,43	20,68	36,39	34,76
Pontevedra	1860	75710	11926	87892	52,63	5,88	25,36	46,75
	1877	78786	26244	105177	56,09	12,79	30,43	43,30
	1887	78099	31653	109752	57,77	15,47	32,30	42,30
	1900	82435	46275	128710	60,78	22,23	37,44	38,55
Galicia	1860	279798	48335	328319	45,38	6,16	23,44	39,22
	1877	286616	83908	370555	46,96	10,55	26,36	36,41
	1887	331773	119495	451268	53,49	14,85	31,67	38,64
	1900	361299	180334	541633	57,26	21,63	36,98	35,62
España	1860	2486755	969517	3455655	43,08	16,19	29,38	26,89
	1877	2771595	1437983	4209306	45,80	22,22	33,61	23,58
	1887	3218555	1841926	5060481	50,56	27,22	38,54	23,34
	1900	3666297	2440388	6106685	54,63	33,90	43,90	20,73

FONTE: Censos e elaboración propia.

Cadro 2.- Taxa de feminidade (%). Poboación adulta. Provincias galegas, Galicia e España (1860-1900)

ANOS	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA	ESPAÑA
1860	132,81	119,13	114,16	140,93	127,22	103,74
1877	138,44	117,43	116,43	146,10	130,29	106,96
1887	136,63	114,16	116,11	151,35	129,73	106,30
1900	139,16	114,85	121,17	153,47	132,11	107,26

FONTE: Censos e elaboración propia.

Cadro 3.- Taxas de crecemento da taxa de alfabetización da poboación adulta e de ámbolos dous sexos. Provincias galegas, Galicia e España (180-1900)

PROVINCIA	PERÍODOS	T. TOTAL	T. VARÓNS	T. MULLERES
A Coruña	1860-1877	0,93	0,51	2,61
	1877-1887	1,92	1,32	3,35
	1887-1900	0,94	0,52	1,86
	<i>1860-1900</i>	<i>1,18</i>	<i>0,72</i>	<i>2,53</i>
Lugo	1860-1877	0,12	-0,18	2,00
	1877-1887	2,42	1,84	4,61
	1887-1900	1,61	0,59	4,76
	<i>1860-1900</i>	<i>1,18</i>	<i>0,56</i>	<i>3,54</i>
Ourense	1860-1877	0,45	0,06	3,35
	1877-1887	2,82	2,17	5,57
	1887-1900	1,22	0,52	3,27
	<i>1860-1900</i>	<i>1,29</i>	<i>0,73</i>	<i>3,88</i>
Pontevedra	1860-1877	1,08	0,40	4,66
	1877-1887	0,58	0,30	1,92
	1887-1900	1,15	0,38	2,84
	<i>1860-1900</i>	<i>0,98</i>	<i>0,36</i>	<i>3,38</i>
Galicia	1860-1877	0,67	0,17	3,21
	1877-1887	1,84	1,32	3,50
	1887-1900	1,22	0,52	2,95
	<i>1860-1900</i>	<i>1,15</i>	<i>0,58</i>	<i>3,19</i>
España	1860-1877	0,77	0,34	3,20
	1877-1887	1,41	0,96	2,09
	1887-1900	1,01	0,59	1,73
	<i>1860-1900</i>	<i>1,01</i>	<i>0,60</i>	<i>1,86</i>

FONTE: Censos e elaboración propia.

Desde unha perspectiva intrarrexional, o proceso de alfabetización galego presentaba signos de ser un proceso bastante homoxéneo. En 1860 a taxa de alfabetización neta total oscilaba entre o 22% da provincia de Ourense e o 25% da de Pontevedra, sendo esta última provincia a que exhibía o nivel máis elevado do conxunto rexional e a que manifestaba o nivel máis alto do diferencial sexual. Durante a segunda metade do século XIX asistimos a unha alteración no *ranking* rexional de ámbito provincial, perdendo posicións as provincias atlánticas galegas (Pontevedra e A Coruña) que se situaron na segunda e na terceira posición respecto ós niveis de alfabetización neta total. A taxa de crecemento máis elevada correspondía a Ourense que era a provincia máis analfabeta, e a menos veloz foi a provincia pontevedresa.

O baixo nivel de alfabetización do conxunto da poboación galega e a existencia dun elevado diferencial intersexual ó longo da segunda metade do século XIX estivo compasado dun aumento do peso da muller, tanto en valores absolutos coma relativos na sociedade e na economía tradicional galega.

3. A ALFABETIZACIÓN SELECTIVA

Nas economías e sociedades tradicionais o desenvolvemento da alfabetización, anterior á implantación da ensinanza primaria obrigatoria, xeralmente foi preferentemente masculina, coa excepción dos países protestantes onde a tradición cultural relixiosa posibilitara a difusión da alfabetización lectora entre a poboación masculina e feminina e onde os axentes primordiais de alfabetización eran a familia e a igrexa protestante (Cipolla, 1970; Graff, 1987; Johansson, 1977 e 1981).

En 1860 a taxa de alfabetización neta masculina da rexión galega era de preto do 45%, superior á media estatal, mentres que a taxa feminina, en torno ó 6%, era a máis baixa de todo o Estado. Durante a segunda metade do século XIX, a brecha que existía entre os niveis masculinos e femininos comezou timidamente a estreitarse, sendo a intensidade do proceso feminino cinco veces superior ó crecemento da taxa masculina. A traxectoria da alfabetización de ámbolos dous xéneros difería en termos comparativos cos seus respectivos homónimos estatais. Se os niveis masculinos se mantiveron por riba da media estatal e non comezaron a aproximarse ó nivel estatal ata despois de 1920, a tendencia feminina ascendente non comezou a converxer coa estatal ata comezos do século XX.

Cadro 4.- Taxas de escolarización masculina (4-13 anos) (en %)

ANOS	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA	ESPAÑA
1855	34,79	57,68	51,04	27,53	42,00	40,32
1860	34,38	53,18	47,61	50,85	45,57	47,87
1870	36,23	47,72	68,05	40,85	46,44	50,44
1880	48,06	32,44	70,78	53,42	50,72	56,37
1885	46,51	40,41	66,69	50,60	50,50	54,67

FONTE: De Gabriel (1990, p. 256).

Cadro 5.- Taxas escolarización feminina (4-13 anos) (en %)

ANOS	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA	ESPAÑA
1855	5,64	11,51	10,02	2,19	7,09	19,45
1860	13,54	9,93	19,41	16,87	14,70	26,92
1870	17,99	17,05	6,30	8,49	13,08	33,22
1880	22,53	19,58	30,82	26,56	24,60	44,57
1885	24,33	17,91	32,96	30,61	26,19	44,95

FONTE: De Gabriel (1990, p. 256).

O desenvolvemento da alfabetización nesta época transcorreu paralelamente coa institucionalización e sistematización educativa, na que o marco regulador foi a Lei Moyano de 1857 e onde a escola formal foi o primordial axente de alfa-betización. A recente e máis tardía incorporación da muller á alfabetización tiña o seu correlativo nun acceso restrinxido á alfabetización instructiva dispensada pola escola formal, na que a taxa de escolarización das nenas galegas foi entre os anos 1855 e 1885 inferior á media estatal e, a pesar dun incremento en torno ós 20 puntos porcentuais, ó igual ca na alfabetización, Galicia deteriorara a súa posición con

respecto ós niveis estatais. O carácter selectivo da alfabetización e da escolarización obedecía a un comportamento diferencial na demanda de instrución por parte da unidade familiar da sociedade maioritariamente rural da Galicia do século XIX, en función do xénero da poboación. Isto era debido a que o sistema productivo galego, no que se estruturaban as relacións sociais de produción e se establecían os valores culturais, sociais e económicos, incidía selectivamente.

A demanda escolar da unidade familiar rural atendía a razóns de utilidade económica, tratando de optimizar os seus recursos e maximizar as súas ganancias alfabetizando e instruindo antes ó varón ca á muller. A crise estrutural da economía galega e o proceso de cambio supuxeron a mobilidade da man de obra galega, predominantemente masculina, que pasou a articularse no mercado de traballo a escala mundial e a incorporarse ó fluxo emigratorio cara ós mercados de traballo preferentemente urbanos americanos e peninsulares⁵. A difusión da emigración cara a América presionou a demanda de alfabetización masculina ó se-la instrución un compoñente da estratexia emigratoria. A emigración como expectativa individual e fenómeno colectivo, que alcanzou carácter masivo desde o último tercio do século XIX, contribuíu a erosionar a indiferencia da sociedade rural cara á instrución, aumentando a valoración e a utilidade das técnicas alfabetizadoras. Modificou progresivamente a actitude da familia campesiña cara á alfabetización do home, posto que facilitaba o acceso á información sobre os segmentados mercados de traballo ós cales se dirixían, reducía o risco do transvasamento emigratorio, reducía o custo psicolóxico do abandono da terra e da familia e, sobre todo, posibilitaba o exercicio de actividades vinculadas ó sector servicios e favorecía a mobilidade social.

Se a explotación campesiña de pequenas dimensións e de intensivo traballo utilizaba a contribución dos nenos desde idades temperás —e nese medio a instrución era considerada de pouca utilidade para os labores agrícolas e provocaba que o acceso á alfabetización instructiva se fixera a idades tardías— a expectativa emigratoria garantía a alfabetización en idades púberes e adultas, a pesar de que neses tramos de idade postobrigatorios se resentía a asistencia escolar e se afrontaba unha alfabetización moi irregular. A dispersión da poboación e a utilidade económica premigratoria contribuíron á escolarización tardía e breve, trazo singular da rexión galega xunto coa asturiana. Máis do 30% dos alumnos inscritos nas escolas fixérono en idades superiores ós nove anos. O ciclo escolar galego rexíase polos ciclos agrícolas e pesqueiros, de aí que no inverno, cando as condicións climatolóxicas eran máis adversas, se rexistraban os máximos de asistencia escolar. O 50% dos alumnos galegos acudía á escola como máximo seis meses ó ano (De Gabriel Fernández, 1990, cap. V).

Neste marco productivo a ausencia do varón froito dunha emigración americana de elevado carácter definitivo implicou a intensificación do traballo feminino non

⁵ Taxas de masculinidade da emigración galega cara a América: 1850-59: 1284,27%; 1860-69: 920,11%; 1870-79: 328,67%; 1880-89: 305,63%; 1890-99: 389,23%; 1900-09: 230,33%. Véxase Vázquez González (2000, p. 377).

só na explotación agrícola senón tamén no exercicio dalgúns procesos de traballo tradicionais que foron feminizándose como a tecedura da industria lenceira ou a realización de distintos labores considerados propiamente masculinos. O custo oportunidade da muller galega fronte ó varón nunca foi nulo porque, xunto á intensificación do traballo agrícola e pesqueiro, á muller cómpre engadirlle os labores domésticos, a crianza dos fillos e a aprendizaxe dos infantes nas actividades industriais que elas realizaban. Unha descrición do traballo da muller do medio rural de fins do século XIX é revelador neste sentido: “*No desmiente la mujer gallega las tradiciones de aquellas épocas en que, dedicados los varones de la tribu a los riesgos de la guerra o a las fatigas de la caza, recaía sobre las hembras el peso total no sólo de las faenas domésticas, sino de la labor y cultivo del campo. Hoy, como entonces, ellas cavan, ellas siembran, riegan y deshojan; baten el lino, lo tuercen, lo hilan y lo tejen en el gimiente telar, ellas cargan en sus fornidos hombros el sacco repleto de centeno o maíz y lo llevan al molino; ellas amasan después la gruesa harina mal triturada, y encienden el horno tras de haber cortado en el monte el haz de leña, y enhornan y cuecen el amarillo torterón de borona o el negro mollete de mixtura. Hace de niñera, apacenta bueyes, ordeña las vacas...; marcha al mercado con la cesta en la cabeza para vender sus productos: leche, pollos, huevos, hojas de berzas, quesos*”⁶.

A demanda de instrución alfabeta era selectiva en función do xénero poboacional e tiña o seu correlativo cunha oferta escolar desequilibrada a favor dos homes, pero iso non debe impedirnos aseverar que no atraso alfabetizador feminino influíu máis o compoñente diferencial de demanda cá asimetría da oferta, xa que na estrutura escolar galega predominaron as escolas mixtas.

A difusión da alfabetización polo lado da oferta dependía da masa escolar dispoñible e a súa distribución. O ciclo educativo moderno, no cal o Estado asume a educación coma un ben de utilidade pública, comezou a mediados dos anos corenta do século XIX. Entre os anos 1845 e 1900, a masa escolar pública galega aumentou de 604 escolas primarias a 2.300. A taxa de crecemento acumulativo foi do 2,46% fronte ó 0,88% da taxa estatal. Os períodos máis expansivos no establecemento de escolas primarias públicas na rexión galega foron os quinquenios de 1850-1855 (11,20%) e de 1855-1860 (8,31%). Esta expansión marcou o inicio da implantación escolar pública en Galicia, que se asentou en gran parte sobre establecementos escolares privados que pasaron a engrosar-la oferta escolar pública, maioritariamente na súa tipoloxía de escolas incompletas. A implementación da Lei Moyano de 1857 axiña se manifestou de difícil cumprimento nunha rexión onde a unidade territorial e social básica era a parroquia, e onde a poboación se atopaba dispersa en pequenísimos núcleos de poboación⁷. O financiamento das escolas recaía directamente sobre os municipios, que

⁶ E. Pardo Bazán (s.d): *La mujer gallega*.

⁷ Segundo o Nomenclátor de 1860, en Galicia atopábase o 90,68% das aldeas e o 32,35% dos lugares habitados do conxunto estatal.

no caso de Galicia tiñan escasa capacidade de xerar recursos destinados á educación, sendo a instrucción unha carga moi gravosa nos orzamentos municipais⁸.

Cadro 6.- A formación instructiva das escolares galegas e españolas en 1855

PROV	ALUM	DCL	%	ESC	%	ARIT	%	GRA	%	LAB	%	AMP	%
A Coruña	3149	3149	100	1073	34,07	645	20,48	444	14,10	2294	72,84	86	2,73
Lugo	4855	4855	100	2765	56,95	2039	41,99	526	10,83	2077	42,78	23	0,47
Ourense	3583	3583	100	775	21,62	156	4,35	110	3,07	481	13,42	22	0,61
Ponteved.	943	943	100	505	53,55	278	29,48	167	17,71	937	99,36	0	0,00
Galicia	12530	12530	100	5118	40,84	3118	24,88	1247	9,95	5789	46,20	131	1,05
España	320317	320317	100	87596	27,34	74268	23,18	32306	10,09	276508	86,32	4542	1,42
Ga/Esp(%)	3,91	3,91		5,84		4,20		3,86		2,09		2,88	

ALUM: Número de alumnas; DCL: Doutrina cristiá e lectura; ESC: Escritura; ARIT: Aritmética; GRA: Gramática castelá; AGR: Agricultura; AMP: Materias de ampliación; LAB: Inclúe costura, calceta, bordados e outros labores.

FONTE: *Estadística de la primera enseñanza de la Península e islas adyacentes correspondiente al quinquenio de 1850 a 1855*. Cadro número 3.

Cadro 7.- A formación instructiva dos escolares galegos e españois en 1855

PROV	ALUM	DCL	%	ESC	%	ARIT	%	GRA	%	AGR	%	AMP	%
A Coruña	19213	19213	100	6908	35,95	4428	23,04	2074	10,79	918	4,78	516	2,69
Lugo	24785	24785	100	15665	63,20	14183	57,22	5161	20,82	64	0,26	181	0,73
Ourense	18826	18826	100	5737	30,47	2567	13,63	927	4,92	345	1,83	145	0,77
Ponteved.	11590	11590	100	6707	57,86	4791	41,33	2691	23,21	1263	10,90	455	3,93
Galicia	74414	74414	100	35017	47,05	25969	34,89	10853	14,58	2590	3,48	1297	1,74
España	684657	684657	100	352509	51,48	315887	46,13	170454	24,89	63303	9,25	41511	6,06
Ga/Esp(%)	10,87	10,87		9,93		8,22		6,37		4,09		3,12	

ALUM: Número de alumnos; DCL: Doutrina cristiá e lectura; ESC: Escritura; ARIT: Aritmética; GRA: Gramática castelá; AGR: Agricultura; AMP: Materias de ampliación.

FONTE: *Estadística de la primera enseñanza de la Península e islas adyacentes correspondiente al quinquenio de 1850 a 1855*. Cadro número 3.

Cadro 8.- A cualificación profesional dos mestres galegos e españois en 1855

PROV	Nº mest	PÚBLICOS				PRIVADOS				MESTRES		MESTRES	
		CT	ST	Total	%	CT	ST	Total	%	CT	%	ST	%
A Coruña	560	64	363	427	76,25	34	99	133	23,75	98	17,50	462	82,50
Lugo	1016	54	60	114	11,22	21	881	902	88,78	75	7,38	941	92,62
Ourense	423	116	297	413	97,64	8	2	10	2,36	124	29,31	299	70,69
Ponteved.	229	107	76	183	79,91	19	27	46	20,09	126	55,02	103	44,98
Galicia	2228	341	796	1137	51,03	82	1009	1091	48,97	423	18,99	1805	81,01
España	20632	9643	7012	16655	80,72	224	1731	3977	19,28	11889	57,62	8743	42,38
Ga/Esp(%)	10,80	3,54	11,35	6,83		3,65	58,29	27,43		3,56		20,65	

MES: Número de mestres; CT: con título; ST: sen título

FONTE: *Estadística de la primera enseñanza de la Península e islas adyacentes correspondiente al quinquenio de 1850 a 1855*. Cadro número 6.

⁸ As estimacións realizadas por N. de Gabriel para 1880 ratifican a escasa capacidade de financiamento educativo dos municipios galegos e a gravosidade superior que recae nos concellos para da-la cobertura educativa. "Los municipios gallegos poseían menos recursos que la generalidad de os españois, pues mientras os primeiros gastaban, en todos os conceptos, una media anual de 5,63 pesetas por habitante, os segundos disponían de 14,06, es decir, casi el triple. [...] el gasto en instrucción primaria por habitante a nivel estatal, que ascendía a 1,26 pesetas anuales, duplica exactamente la media gallega.[...]. En Galicia también resultaba inferior el coste medio de las escuelas públicas (617,25 pesetas frente a 909,59) lo que equivale a decir que las condiciones de escolarización eran más deficientes, pues existía una correlación positiva entre dotación económica de las escuelas y calidad de la enseñanza. Finalmente, [...] el peso de la primera enseñanza sobre el importe global de os presupuestos municipales era superior en Galicia (11,24%) que en el conjunto del Estado (8,94%)" (De Gabriel, 1990, pp. 103-105).

Cadro 9.- Taxas de crecemento acumulativo do número de escolas públicas. Provincias galegas, Galicia e España (1858-1900) (en %)

PERÍODOS	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA	ESPAÑA
1845-1850	3,87	3,19	1,09	3,13	2,00	-3,46
1850-1855	31,04	12,35	0,79	13,55	11,20	4,97
1855-1860	5,78	10,15	4,35	-18,70	8,31	3,87
1860-1865	1,45	5,02	-1,45	0,86	0,87	1,97
1865-1870	0,36	2,40	0,58	1,26	0,93	0,39
1870-1875	-0,33	-2,26	0,57	-0,80	-0,47	
1875-1880	0,84	-0,61	3,59	1,09	1,53	0,18*
1880-1885	0,69	5,37	1,04	0,68	1,38	1,18
1885-1889	0,68	7,80	0,70	0,39	1,71	
1889-1894	0,00	0,30	0,21	0,12	0,14	0,26*
1894-1900	0,61	0,21	0,48	0,09	0,38	0,15
1845-1900	3,77	3,76	1,07	3,38	2,46	0,88

* Taxas correspondentes ós decenios de 1870-1880 e 1885-1994.

FONTE: *Diccionario de Madoz*, cit. por Costa (1989, p. 86); *Estadísticas de la primera enseñanza, 1850-1855* (cadros I e II); *Estadística de la primera enseñanza, 1880-1885* (cadro I); De Gabriel (1990, p. 123); *Anuarios estadístico de España* (1862, p. 326). Elaboración propia.

Os escollos que presentaba a aplicación da lei educativa propiciaron a elaboración dunha normativa específica para Galicia que estaría vixente ata 1908, a R.O. de 18 de outubro de 1859. Esa real orde reduciu as obrigas municipais na dotación de escolas e propiciou a aplicación dunha política educativa que primou a difusión da alfabetización a custa da calidade educativa⁹ (De Gabriel, 1990, pp. 119 e ss. e 482--484).

Entre os anos 1860 e 1900 produciuse un incremento escolar de 610 escolas públicas, medrando a oferta pública para Galicia un 36% fronte ó 25% do conxunto estatal. O número de escolas públicas por 10.000 habitantes pasara de 9,4 a 11,6, pero esa densidade escolar seguía estando por baixo da estatal (1860: 12,9; 1900: 13,6). Un dos principais escollos para a difusión da escolarización e, por conseguinte, da alfabetización foi o elevado índice de dispersión da poboación galega. A estrutura escolar galega, a diferenza da estatal e por razóns de prima-la cantidade de escolas, descansaba nas tipoloxías escolares de inferior calidade. En 1885 o 66,6% da oferta pública estaba formada por escolas incompletas e de temporada, en contraste coa oferta estatal onde representaban só o 21%. Nesas escolas a instrución ía ser dispensada por mestres carentes de todo tipo de formación formal e pedagóxica.

4. O GRAO DE INSTRUCCIÓN

A escola en canto axente difusor da alfabetización instructiva entronca co grao de instrución da poboación. Aproximarnos ó nivel de instrución, en termos de

⁹ A R.O. de 1859 pode consultarse en *Colección de Reales órdenes y Ordenes ministeriales relativas a instrucción pública* (1896), t. I, p. 133. Madrid.

eficiencia, obríganos a ter en consideración unha multiplicidade de factores por parte da oferta e da demanda escolar. Xunto coa densidade escolar e coa súa tipoloxía, ademais dos niveis de asistencia, hai que contempla-la oferta curricular e os axentes encargados de transmitir-los coñecementos e as pautas de comportamento.

A escola non conformaba un ente uniforme senón que a lei educativa configuraba unha estrutura escolar xerarquizada, predominando na rexión galega a escola elemental incompleta, que garantía unha oferta curricular básica centrada nas materias nucleares: doutrina cristiá, lectura, escritura e aritmética, e podían ser rexentadas por mestres ós cales só se lles esixía un certificado de boa conducta emitido pola autoridade pertinente, xeralmente polas xuntas de instrucción primaria municipais. Se no sector público, que ó longo da segunda metade do século XIX se íría estendendo e acabaría impoñéndose en toda a rexión galega, predominaba a tipoloxía de escolas incompletas, no privado do mundo rural galego existía unha figura escolar informal denominada “*escolas de ferrado*”, que pasou a engrosa-la oferta pública e que presentaba estreitas vinculacións tanto orgánicas como didácticas cos establecementos formais incompletos: “*Estas escuelas [incompletas], conservan, salvo bien pocas excepciones, casi, o sin casi, todos los caracteres de nuestras antiguas escuelas privadas o intrusas que no faltaban, puesto que rara era la parroquia que no tenía la suya. Y tanto es así, cuanto que los actuales Maestros en su mayor parte, son los mismos de antes, los que regentaban aquéllas, con solo tener la interina autorización de que antes carecían, como si ésta fuese bastante a obrar en ellos una imposible transformación en sentido intelectual*”¹⁰.

As estatísticas escolares de 1855 e de 1880-1885 permítenos constata-lo progreso da alfabetización instructiva desde mediados ata finais do século XIX a través da difusión da lectura, escritura e aritmética entre a poboación escolar galega. Desde mediados do século XIX ata finais de século conseguíuse practicamente xeneraliza-la lectura entre a poboación escolar galega matriculada. A escritura e a aritmética nos anos oitenta alcanzara entre o 60-70% do alumnado, aínda que neste binomio se afondan as diferencias de xénero e o nivel de difusión é menor nas nenas (De Gabriel, 1990).

A pesar do avance na xeneralización das materias alfabetizadoras, a finais do século aínda o 52% da poboación escolar estaba matriculada en establecementos incompletos e a porcentaxe de mestres sen título roldaba o 50%. A permanencia media dun neno galego nos centros escolares cifrábase en torno ós catro anos cunha asistencia estacional con máximo invernal (60-70%) e irregular, utilizando a escola o 50% dos alumnos como máximo seis meses ó ano.

O ciclo formativo dos alumnos galegos era de carácter estacional cunha asistencia moi irregular. A isto cumpriría engadir-lle que a transmisión da instrución alfabetizadora acompañaba dunha práctica escolar de marcados matices tradicionais. A vixencia e o

¹⁰ *Revista de Primera Enseñanza*, 16-12-1866, p. 398.

predominio da aprendizaxe sucesiva xunto coa aplicación do sistema de ensinanza individual constituíron os compoñentes básicos da organización da instrucción primaria, sendo hexemónicos ata finais do século XIX, cando se irá impondo o sistema mixto (De Gabriel, 1990, cap. VII).

A aprendizaxe sucesiva supoñía afrontar un proceso formativo graduado no tempo e negaba o contacto simultáneo coas materias nucleares da instrucción alfabeta. A ausencia de regularidade na asistencia escolar e a graduación na aprendizaxe materializábase nun diferente alcance entre a poboación escolar galega da lectura, da escritura e da aritmética. A acumulación de coñecementos alfabetos resentíase e a ineficacia do produto escolar galego aumentaba, posto que ós alumnos se lles immobilizaba durante moito tempo na instrucción dunha mesma materia escolar, o que incidía nun baixo rendemento froito do cansazo e da apatía pola aprendizaxe. Un informe emitido pola Xunta de Instrucción Pública da Coruña ó rector da Universidade de Santiago datado no ano 1894 é ilustrativa neste sentido: “*Carece la escuela de organización y la enseñanza se da individualmente por medios empíricos.[...]. Lección diaria y única, durante dos años, de lectura en el silabario y el Catón; transición violenta de la lectura en estos libros impresos con letra abultada a la del Catecismo Astete cuya letra es muy menuda y comúnmente borrosa, y cuyo estudio de memoria no se hacía en menos de un año de asistencia continua, para pasar luego a la clase de escritura, y a la práctica de algunas operaciones de Aritmética, si es que el Maestro se permitía adornar la inteligencia de los niños con tan rudimentarios conocimientos de esta asignatura. Esto no más es la escuela de Abellá, con la diferencia de que de los 19 alumnos presentes al acto de la visita ninguno se ejercitaba en la Aritmética, a pesar de que algunos excedían de la edad de doce añosanos*”¹¹.

A alfabetización instructiva dispensada pola escola non só debía de dotar á poboación escolar dun substrato básico de coñecementos que facilitase o acceso a outro tipo de formación formal o informal, senón tamén debía de dotarlles e inculcarlles disciplina e orde. Ámbolos dous atributos son considerados como unha das contribucións básicas e máis importantes para aumentar a produtividade e a adaptación ós cambios organizativos, e isto estaba estreitamente vinculado á aplicación dos sistemas de ensinanza. Na rexión galega ata avanzados os anos mil oitocentos setenta predominou o denominado sistema individual que encerraba un alto nivel de ineficacia polas dificultades que entrañaba o mantemento da disciplina e da orde, e non se facilitaba a emulación entre os alumnos. Ademais, o mestre era o encargado de instruír a cada neno, polo que lles podía dedicar un tempo moi reducido. No ecuador dos anos mil oitocentos setenta e ata mediados dos anos oitenta foise impondo o sistema simultáneo, no que os alumnos son organizados en diferentes seccións en función do seu nivel de coñecementos. O sistema máis productivo

¹¹ Comunicación ó rector da Xunta de Instrucción Pública da Coruña. AHUS, leg. 21.

desde o punto de vista instructivo e disciplinario era o mutuo, que en Galicia foi seguido marxinalmente nalgunhas escolas públicas. As vantaxes do sistema mutuo radicaba na organización dos alumnos igualmente por seccións e dentro de cada sección formábanse grupos para o nivel de cada materia para impartir. A finais do século XIX o sistema hexemónico foi o mixto, no cal se recuperou a función do mestre como instructor directo e incorporou a clasificación e os mecanismos disciplinarios do sistema mutuo.

Xa sinalamos como a difusión das materias alfabetizadoras alcanzaba maior xeneralización entre os nenos ca entre as nenas, agás na lectura, cunha extensión que a finais de século era practicamente a mesma. Ó traballar indirectamente coa información contida nos estados escolares de 1879-1882 das escolas públicas da provincia de Pontevedra (De Gabriel, 1990), ratificamos que a poboación escolar feminina recibía unha menor carga de instrución alfabetizada. O tempo semanal dedicado á instrución alfabetizada sitúa a lectura na primeira posición en tódalas escolas. Entre 400 e 330 minutos destinábanse á ensinanza da lectura, segundo fosen escolas completas de nenos e incompletas de nenas. A escritura ocupaba unha segunda posición cunha dedicación semanal entre 381 e 326 minutos, segundo a tipoloxía escolar e en función de se eran establecementos de nenos ou de nenas. Nas escolas de nenos e mixtas o 23% do tempo destinábase á aprendizaxe da escritura, fronte ó 18% nos establecementos de nenas. A aritmética integraba como programa mínimo a ensinanza denominada popularmente as “*catro regras*”, que aludían á aprendizaxe dos mecanismos operativos básicos de cálculo: a suma, a resta, a multiplicación e a división, e como máximo se ensinaba a operar con quebrados e mailo sistema métrico decimal. Asignábaselle un tempo semanal comprendido entre 292 e 221 minutos. Nos centros masculinos e mixtos representaba o 18% fronte ó 11% do tempo semanal dedicado nas escolas de nenas.

As nenas non só accedían menos á escola senón que a difusión das materias alfabetizadas era menor ca nos nenos e as diferencias instructivas aumentaban na formación alfabetizada formal.

5. A DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DA ALFABETIZACIÓN (1860-1900)

A xeografía da alfabetización galega e a súa difusión vai ser contemplada a través dun conxunto de mapas onde se recolle a distribución municipal dos stocks de alfabetización medidos en taxas brutas para a poboación total e por xénero, así como as súas taxas de crecemento no longo prazo, nos anos censuais de 1860 e de 1900.

No nivel rexional a cartografía de 1860 evidencia que a maior parte dos municipios galegos (62%) exhibía un stock de alfabetización total inferior ó 20%. As taxas

brutas totais máis elevadas atópanse nos concellos litorais e prelitorais da fachada atlántica e cantábrica nas tres provincias costeiras (A Coruña, Pontevedra e Lugo) e na provincia interior polos vales e as concas vinícolas. A ausencia de uniformidade e a asimetría entre os homes e as mulleres no reparto dos stocks de alfabetización aproxímanos á dotación de capital humano da Galicia feudal tardía e reflicten unha cartografía dun mundo de transición onde os niveis masculinos e femininos máis elevados se rexistraban en cada unha das provincias naqueles municipios que foran importantes núcleos urbanos, centros eclesiásticos e económicos do antigo réxime. A configuración dun novo marco institucional liberal supuxo unha drástica reestructuración do espacio urbano galego: das antigas sete capitais de provincia, catro perderon ese status e unha cuarta parte dos centros urbanos tradicionais foron despoixados desa natureza mantendo o carácter de vila como simple atributo. A mediados do século XIX só as cidades da Coruña, Santiago e Ferrol superaban os 10.000 habitantes.

Entre os anos 1860 e 1900 produciuse un parsimonioso avance da alfabetización masculina e aumentaron os limiares de alfabetización comprendidos entre o 40-60% que posuían o 58% dos municipios galegos. Durante a segunda metade do século XIX, a profundación da crise estrutural acompañouse de intensa mobilidade poboacional cara ós mercados de traballo americanos e peninsulares, o que impactou negativamente sobre todo nos stocks masculinos e no que se viron afectadas en maior ou en menor medida as catro provincias galegas.

A crise lenceira, que comezou en 1830-1840, afectou incisivamente ós municipios de Viveiro (Lugo) e do Baixo Ulla: Padrón, Vedra e Teo (A Coruña); Valga (Pontevedra), Xinzo e Maceda (Ourense). Todos eles comezaron un *trend* crítico de alfabetización, sobre todo masculina, cun decrecemento ou estancamentos nos seus stocks, en valores absolutos e relativos, que lles impediu alcanza-lo mesmo nivel de 1860 ata 1910-1920, caso de Viveiro e Valga, ou que os mantivo estancados como nos casos de Padrón e de Xinzo, entre outros¹².

Entre os anos 1860 e 1900 o municipio de Viveiro pasou dunha taxa de alfabetización masculina próxima ó 52% a unha taxa do 39,82%, descendendo o nivel en torno ó 29%. A crueza da crise, a desarticulación da lencería e a acumulación progresiva das presións socioeconómicas converteron este núcleo nun dos enclaves emigratorios que contribuíron de xeito temperán ó fluxo americano xunto co porto de Ribadeo na provincia de Lugo, que tamén experimentou un estancamento na alfabetización. O período intercensual que se revela como máis negativo foi o de 1860-1877 no

¹² Entre os anos 1860 e 1900 os concellos do Baixo Ulla aumentaron as súas taxas de feminidade coa excepción de Vedra. Taxas de feminidade de 1860 a 1900: Padrón: 135,4%-149,5%; Vedra: 145,7%-145,6%; Teo: 157,9%-173,9%; Valga: 128,3%-137,9%. O número de alfabetos masculinos entre 1860 e 1900 decreceu: Padrón: 1552--1443; Vedra: 1007-934; Teo: 1294-1015; Valga: 1659- 1125. En Teo tamén descendeu o número de alfabetas: 1270--1071. As taxas de alfabetización neta masculina de 1860-1900: Padrón: 48,62%-48,59%; Vedra: 43,50%-41,18%; Teo: 52,64%-39,52%; Valga: 64,68%-44,59%. En Viveiro diminuíu o número de alfabetos e alfabetas no longo prazo e as súas taxas de alfabetización. Taxa de alfabetización masculina: 51,74%-39,82%. Taxa de alfabetización feminina: 28,13%-24,64%.

que se produciu un descenso nos niveis masculinos do 27%, volvendo decrecer entre os anos 1887 e 1900 un 4%. No caso de Viveiro víronse igualmente afectados os niveis de alfabetización femininos. Este microámbito urbano exhibía dentro do marco galego unas taxas femininas moi elevadas e contabilizaron un descenso do 50% entre os anos 1860 e 1877, pasando do 28% ó 13% e sen lograr alcanza-lo mesmo stock ata 1910.

Os concellos de elevada densidade téxtil emprazados no Baixo Ulla manifestaron durante a segunda metade do século XIX unha tendencia ó descenso ou ó estancamento da poboación, aumentando ou mantendo unhas elevadas taxas de femiñidade, e rexistraron unha mingua nos seus stocks masculinos. Nos casos de Vedra e de Teo tamén se viron reducidos os seus niveis femininos. O impacto máis negativo nas taxas masculinas protagonizouno Valga, que partía dun nivel en torno ó 65% e non alcanzou o mesmo stock ata 1920. Desde 1860 ata 1900 o nivel masculino descende un 31%. Ó igual ca Viveiro, o período intercensal máis negativo foi o de 1860-1877 cunha caída do 35%. En Vedra e en Teo a alfabetización masculina estancouse no primeiro e iniciou unha crise no segundo, cun descenso nas taxas do 27%. O período intercensal máis negativo en ámbolos dous municipios foi o de 1887-1900. A alfabetización feminina viuse afectada en Teo e comezou a crise en 1860-1877, cando a taxa pasou do 32,72% ó 19,54%, e de novo entre os anos 1887--1900 cando descendeu un 23%.

A descapitalización en termos de alfabetización tamén afectou ás antigas capitais eclesiásticas como Tui e Lugo, e ás economías portuarias e núcleos costeiros da vertente atlántica coruñesa (Laxe, Muxía, Cee, Fisterra, Muros) e pontevedresa (Ribadumia, Vilaboa, Bueu, etc.), e ós municipios vinícolas da conca do Ribeiro ourensán (Cenlle, Leiro, Ribadavia).

Durante a segunda metade do século XIX a intensidade do proceso de alfabetización feminina materializouse nun aumento dos limiares comprendidos entre o 10-20%. En 1860 o 91% dos municipios galegos tiñan uns stocks de alfabetización feminina por baixo do 10%. En 1900 o 43% da totalidade dos municipios galegos exhibían unhas taxas comprendidas entre o 10-20% e tamén aumentaran os concellos con taxas comprendidas entre o 20-30%, que supoñían case o 25% do conxunto municipal galego.

6. CONCLUSIÓNS


Durante a segunda metade do século XIX o avance da alfabetización na rexión galega produciuse en condicións de profundación do atraso económico e foi a mobilidade xeográfica da poboación galega, sobre todo a articulación cos mercados de traballo americanos e peninsulares preferentemente urbanos, a que posibilitou a difusión

da alfabetización no mundo rural galego. Os factores esóxenos e endóxenos incidiron selectivamente na demanda de alfabetización, primando a unidade familiar rural galega a formación da poboación masculina fronte á feminina, aínda que tamén se rexistrou un significativo pero insuficiente crecemento dos stocks femininos.


No desenvolvemento da alfabetización persistiron trazos de carácter tradicional, como o pronunciado desequilibrio existente entre as taxas de alfabetización masculina e as femininas, cando en valores absolutos e relativos tiñan un maior peso poboacional as mulleres cós homes. As nenas galegas non só accedían menos á escola, principal axente de alfabetización, senón que nela se afondaban as diferencias na carga instructiva alfabetizada. O ciclo escolar galego era de carácter estacional e irregular, en función dos ciclos económicos agrícola e pesqueiro. A acumulación de coñecementos resentíase e o rendemento escolar era moi baixo.

A crise estrutural e o cambio económico implicaron a clara descapitalización dalgúns dos centros neuráxicos da economía tradicional galega, especialmente dos núcleos litorais e prelitorais de elevada densidade téxtil lenceira. En xeral, a mobilidade xeográfica da poboación galega ralentizou a acumulación de capital humano alfabetizado e, paradoxalmente, revelouse como o compoñente máis dinámico da demanda de alfabetización.


Mapa 1.- Taxa de alfabetización total (1860). Distribución municipal (en %)




Mapa 2.- Taxa de alfabetización total (1900). Distribución municipal (en %)




Mapa 3.- Taxa de alfabetización masculina (1860). Distribución municipal (en %)




Mapa 4.- Taxa de alfabetización masculina (1900). Distribución municipal (en %)




Mapa 5.- Taxa de alfabetización feminina (1860). Distribución municipal (en %)




Mapa 6.- Taxa de alfabetización feminina (1900). Distribución municipal (en %)



Mapa 7.- Taxa de crecemento da alfabetización masculina (1860-1900) (en %)



Mapa 8.- Taxa de crecemento da alfabetización feminina (1860-1900) (en %)

BIBLIOGRAFÍA

- ANDERSON, C.A.; BOWMAN, M.J. (1976): "Education and Economic Modernization in *historical perspective*", en L. Stone [ed.]: *Schooling and Society. Studies in the History of Education*, cap. I, pp. 3-19. Baltimore: Johns Hopkins University Press.
- CARMONA BADÍA, X. (1974): "El ferrocarril", *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 12, pp. 167-174.
- CARMONA BADÍA, X. (1982): "Sobre as orixes da orientación exportadora na produción bovina galega. As exportacións a Inglaterra na segunda metade do século XIX", *Grial*, anexo I, pp. 169-206.
- CARMONA BADÍA, X. (1990a): *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)*. Barcelona: Ariel.
- CARMONA BADÍA, X. (1990b): "Crisis y transformación de la base industrial gallega, 1850-1936", en Nadal [dir.] e Carreras [coord.]: *Pautas regionales de la industrialización española (siglos XIX y XX)*. Barcelona: Ariel.
- CARMONA BADÍA, X.; PUENTE, L. DE la (1988): "Crisis agraria y vías de evolución ganadera en Galicia y Cantabria", en R. Garrabou [ed.]: *La crisis agraria de fines del siglo XIX*, pp. 181-211. Barcelona: Crítica.
- CIPOLLA, C.M. (1970): *Educación y desarrollo en Occidente*. Barcelona: Ariel.
- COSTA RICO, A. (1989): *Escolas e mestres. A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- FERNÁNDEZ PRIETO, L. (1992): *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1850-1939*. Vigo: Xerais.

- GABRIEL FERNÁNDEZ, N. DE (1990): *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*. A Coruña: Edicións do Castro.
- GRAFF, H. (1979): *The Literacy Myth. Literacy and Social Structure in the Nineteenth-Century City*. New York: Academic Press.
- GRAFF, H. (1987): *The Legacies of Literacy. Continuities and Contradictions in Western Culture and Society*. Bloomington: Indiana University Press.
- JOHANSSON, E. (1977): "The History of Literacy in Sweden, in Comparison with Some Other Countries", *Education Report*, núm. 12, pp. 50-72.
- JOHANSSON, E. (1981): "The History of Literacy in Sweden", en H. Graff [ed.]: *Literacy and Social Development in the West: A Reader*, pp. 151-182. New York: Cambridge University Press.
- LÓPEZ TABOADA, X.A. (1986): *Precios do trigo, centeo e millo na segunda metade do século XIX en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería da Presidencia, Servicio Central de Publicacións.
- LÓPEZ TABOADA, X.A. (1996): *La población de Galicia 1860-1991. Crecimiento, movimiento natural y estructura de la población de Galicia*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia
- MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ, B. (2000): *El capital humano en Galicia (1860-1930): Alfabetización y crecimiento económico*. (Tese de doutoramento publicada na colección *Teses de Doutoramento 2000. Humanidades e Ciencias Sociais*). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.
- NÚÑEZ, CL.E. (1992): *La fuente de la riqueza. Educación y desarrollo económico en la España contemporánea*. Madrid: Alianza.
- NÚÑEZ, CL.E.; TORTELLA, G. [ed.] (1993): *La maldición divina. Ignorancia y atraso económico en perspectiva histórica*. Madrid: Alianza.
- REHER, D. (1989): "Alfabetización y escolarización en España a finales del siglo XIX; claves para un debate", *IV Congreso de Historia Económica*, vol. I. Alicante: Asociación de Historia Económica.
- REHER, D. (1997): "La teoría del capital humano y las realidades de la Historia", en *Papeles de Economía Española*, núm. 73, pp. 254-261.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X.; DOPICO, F. (1981): *Crisis agrarias y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX*. A Coruña: Edicións do Castro.
- SANBERG, L.G. (1979): "The Case of the Impoverished Sophisticate; Human Capital and Swedish Economic Growth before World War I", *The Journal of Economic History*. núm. 1, pp. 225-241.
- SANBERG, L.G. (1982): "Ignorance, Poverty and Economic Backwardness in the Early Stages of European Industrialization: Variations on Alexander Gerschenkron's Grand Theme", *The Journal of European Economic History*, vol. II, núm. 3, pp. 675-696.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, A. (1992): "Las dimensiones microsociales de la emigración gallega a América: La función de las redes sociales informales", *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, núm. 22, pp. 497-533.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, A. (2000): *La emigración gallega a América, 1830-1930*. (Tese de doutoramento publicada na colección *Teses de Doutoramento 2000. Humanidades e Ciencias Sociais*). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.
- VILLARES PAZ, R. (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia (1500-1936)*. Madrid.

Martínez, B.

A formación de capital humano en Galicia...

VILLARES PAZ, R. [ed.] (1988): *Donos de seu. Estudos de Historia agraria de Galicia*. Barcelona: Sotelo Blanco.

ZAMAGNI, V. (1978): “Istruzione e sviluppo economico. Il caso italiano, 1861-1913”, en Toniolo [ed.]: *L'economia italiana 1861-1940*. pp. 137-178. Roma: Laterza.